

INFORMACIÓN PROGRAMACIÓN DE NADAL 2024-2025

Un ano máis o concello, xunto coas varias asociacións culturais, organiza moitas e moi variadas actividades para tódolos públicos co fin de para facer deste un Nadal inesquecible.

Entre as actos que se celebrarán destacan:

- Un **CONCURSO DE ESCAPARATES** no que poden participar os negocios e establecementos comerciais do noso concello para engalanar a nosa vila nesta datas tan destacadas. O prazo de inscrición estará aberto dende o 11 ata o 20 de Decembro.
- A **LUDOTECA DE NADAL 2024- 2025** que terá lugar dende o 23 de decembro ata o 3 de xaneiro e que contará con un amplo horario para fomentar a conciliación laboral e familiar dos e das participantes e co prazo de inscrición tamén aberto dende onte ata o 18 de decembro.
- O 21 de decembro terá lugar, na Igrexa de Viana do Bolo, un **CONCERTO DE NADAL** da Coral e Banda Candeia, en favor de **CÁRITAS**, organizado pola Parroquia.
- O 22 de decembro pola tarde contaremos coa **VISITA DO PAXE REAL** na Praza Maior de Viana do Bolo para recoller as cartas e as mensaxes que os nenos e nenas de Viana queiran facer chegar aos Reis Magos.
- O 24 de decembro a partir das 4 da tarde terá lugar o **I TORNEO DE XOGOS ENXEBRES DE INVERNO**. Unha xornada de xogos populares como a peonza, as canicas , o brilé, etc. para promover a tradición e desfrutar en familia. Haberá premios para os/as gañadores/as e unha chocolatada final para todos/as participantes.
- O 29 de decembro **BARRIO DE BELÉN** voltará un ano máis ás rúas do casco antigo de Viana. Trátase dun Belén Viviente recreado e protagonizado polas asociacións e os/as veciños e veciñas de Viana do Bolo. Un percorrido polas escenas máis representativas do Belén que rematará cunha chocolatada popular para os/as visitantes e participantes.
- O 3 e o 4 de xaneiro, un ano máis, os **PAXES REAIS** visitarán as aldeas de Viana levando caramelos e ilusión a todos os veciños do concello.
- Rematamos o Nadal coa xa tradicional **CABALGATA DE REIS** o 5 de xaneiro, coa visita dos Reis Magos ás Residencias de Maiores onde deixarán agasallos. Logo percorreren as rúas de Viana e ata chegar á Praza Maior onde repartirán caramelos e doces a nenos e nenas. A xornada rematará cun chocolate quente para todas as persoas asistentes. Se fai mal tempo a recepción dos Reis terá lugar no Pavillón Deportivo.

Iremos actualizando toda a información sobre as actividades na nosa páxina web e Redes Sociais